

TEMA 1: Acceso á Aula Virtual , inicio de sesión , recuperación de contrasinal e edición do perfil

1.- Acceso á aula virtual

A aula virtual dun centro educativo dentro do proxecto Webs Dinámicas ten un enderezo web do


tipo: *https://www.edu.xunta.gal/centros/nome_do_centro/aulavirtual* , onde "nome_do_centro" corresponde á denominación de cada centro educativo.

Tamén, para facilitar o acceso, a páxina web de cada centro leva incorporado un enlace preconfigurado na cabeceira á Aula Virtual.



2.- Inicio de sesión

Unha vez visualizada a aula virtual no navegador, para acceder á mesma hai que pinchar sobre o botón **Acceder** localizado na parte superior dereita da pantalla como se pode ver na seguinte imaxe.



Entón aparece o formulario para introducir o nome de usuario e **contrasinal**. No caso de ter esquecido o **contrasinal** este mesmo **formulario** ofrece a posibilidade de recordalo premendo en *Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?* que nos remitirá a unha páxina coas instrucións para recuperar o contrasinal. Tamén podemos iniciar a sesión como *convidado* para ver os cursos que

Acceder

Nome de usuario

Contrasinal

☐ Lembrar o nome de usuario

[Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?](#)

Debe ter as cookies activadas no seu navegador ⓘ

Alguns cursos permiten o acceso a convidados

permitan este tipo de acceso, pero deste xeito nunca poderemos participar activamente neles.

3. Como recuperar o contrasinal da aula virtual

Se tes conta como usuario da aula virtual do teu centro e tes esquecido o teu contrasinal ou o teu nome de usuarios, os pasos a seguir son os seguintes (sempre que ese correo sexa válido, non funciona se temos asociada a conta nonresponder@edu.xunta.es ou outra conta ficticia):

- Na pantalla de acceso premer no enlace [Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?](#)
- Na seguinte pantalla existen **dúas opcións**

[Inicio](#) ▶ [Acceder](#) ▶ Contrasinal esquecido

Para restabelecer o seu contrasinal, envíe o seu nome de usuario ou o seu enderezo de correo. Se podemos atopalo na base de datos, enviáremoslle un correo coas instrucións precisas para poder acceder de novo.

Buscar por nome de usuario

Nome de usuario

Buscar

Buscar por enderezo de correo

Enderezo de correo

Buscar

na casilla **Nome de usuario** e preme en
Buscar

[Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?](#)
Debe ter as cookies activadas no seu navegador ?

- Ou *Buscar por enderezo de correo*

Algúns cursos permiten o acceso a convidados

Acceder como convidado

Neste caso escribe o *correo* que teñas asociado ao teu usuario na casilla **Enderezo de correo** e preme en Buscar.

En calquera das opcións a páxina amosa a seguinte mensaxe:

[Inicio](#) ▶ [Acceder](#) ▶ Contrasinal esquecido

Se forneceu un nome de usuario ou enderezo de correo correctos, debería térselle enviado un correo.

Contén instrucións sinxelas para confirmar e completar o cambio de contrasinal. Se segue a ter dificultades, contacte co administrador do sitio.

Continuar

- Recibirás un e-mail no correo coas instrucións precisas para poder acceder de novo.

Se non recibes o correo nin buscando por nome de usuario nin buscando por correo electrónico, pode ser por varios motivos:

- Comproba que a túa conta de correo non teña o buzón de entrada cheo. Baléirao nese caso.
- O teu usuario non ten asociada esa conta de correo ou ten unha conta inválida. Neste caso debes poñerte en contacto co teu centro para que revisen a túa conta.
- O e-mail recibido será do tipo deste, donde podes ver o teu nome de usuario <<nome_de_usuario>> e donde tes un enlace para acceder e mudar o contrasinal:

Ola "o seu nome".

Vostede solicitou un restabelecemento de contrasinal para a súa conta «**nome de usuario**» en Aula Virtual: Nome do seu centro.

Para confirmar esta petición, e establecer un novo contrasinal para a súa conta, vaia ao seguinte enderezo:

https://www.edu.xunta.gal/centros/nome_do_centro/aulavirtual/login/forgot_password.php?token=QdtdVmVELeh8DZh2l6lSusBOrXCJQQsM

(Esta ligazón é válida durante 30 minutos desde o momento no que fixo a solicitude por primeira vez.

Se vostede non solicitou este restabelecemento de contrasinal, non é necesario que faga nada.

Se necesita axuda, contacte co administrador do sitio,

[correo do centro](#)

Introduza o seu novo contrasinal embaixo, logo garde os cambios.

Establecer o contrasinal

Nome de usuario **nome de usuario**

O contrasinal debería ter cando menos 8 carácter(es), cando menos 1 dígito(s), cando menos 1 letra(s) minúscula(s), cando menos 1 letra(s) maiúscula(s), cando menos 1 carácter(es) non alfanuméricos

Novo contrasinal *

Novo contrasinal (de novo) *


[Gardar os cambios](#)

[Cancelar](#)


4. Editar o perfil de usuario

Unha das cousas que podemos facer no noso primeiro acceso ó sistema é editar os nosos datos persoais. Aquí se recolle a información que o resto

de usuarios terá sobre nos. Podemos acceeder ó noso perfil facendo clic sobre o noso nome de usuario na parte superior dereita da pantalla:



Aparecendo á paxina que segue:



Para visualizar e modifica-la nosa información de usuario só temos que facer clic en **editar o perfil**, co que se desprega un formulario onde cumplimentar diferentes campos de información e algunhas preferencias relativas ó xeito de interactuar co sistema.

Editar o perfil

▼ Xeral

Nome de usuario ? anamartinez

Escolle un método de autenticación ? Autorexistro baseado no correo ?

Conta suspendida ? ☐

Novo contrasinal ? [Prema para inserir texto](#) 🔍

Forzar o cambio de contrasinal ? ☐

Nome * Ana

Apelido * Martínez

Enderezo de correo * anamartinezrey@edu.xunta.es